A Viaxe de ROSALÍA



LARRAITZ producións artísticas

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

DISTRIBUCIÓN: www.urdime.net | info@urdime.net | T.+34 981937424 | M. +34 619920335

*Fondo de cartel: Mapa Fontán, século XIX (con tratamento fotográfico)

A Viaxe de Rosalía

FRANCISCA DO CAMPO leva século e medio contando a todo o mundo a historia da súa querida afillada ROSALÍA de CASTRO.
Ela foi quen axudou a criala e quen compartiu as vivencias máis cotiás e entrañables.

Cargada de maletas con teas, zapatos e moitas cousas queridas para ela comparte con nós a traxectoria vital e artística dun símbolo irrenunciable para a cultura galega.

A FRANCISCA gústalle lembrarnos que ROSALÍA era unha muller culta, traballadora, valente e que interpretou como ninguén un tempo histórico na súa Terra.
Aquela meniña algareira que FRANCISCA coidou foise convertendo pouco a pouco na escritora que deixou unha pegada imborrable pola súa calidade literaria e un fondo de verdades profundas por fin sacadas á luz.

A protagonista desta historia é ROSALÍA DE CASTRO
A actriz e titiriteira LARRAITZ URRUZOLA válese da interpretación actoral, de monicreques de mesa de grande talla artística así como da manipulación de obxectos acompañada dunha música moi acaída, un vestiario fermoso e dignísimo para os personaxes e, en definitiva, das ferramentas da narración oral tradicionais para que coñezamos as pasaxes máis importantes da vida de ROSALÍA DE CASTRO e a súa obra literaria.



Xogaremos a crear atmosferas poéticas, situacións que xorden da transformación dos obxectos e espazos, contribuíndo a iniciarse no mundo da poesía, dos contos e do teatro a través da inventiva, da creación efémera e espontánea.

LARRAITZ
producións artísticas

A Viaxe de Rosalía

O proxecto

No proxecto A viaxe de Rosalía, invitamos aos espectadores máis pequenos e ás súas familias, a viaxar xunto coa escritora e a súa madriña Francisca, divulgaremos a súa figura dende un espectáculo de monicreques unipersonal e cargadas de maletas con monicreques, teas, zapatos e libros... coñeceremos da man da narradora e titiriteira, Larraitz Urruzola parte da obra Rosaliana e algúns dos pasaxes da vida desta insigne artista Galega.

FICHA ARTÍSTICA

Larraitz Urruzola: Produtora, actriz e construción de monicreques
Lucho Penabade: Autor e director
Luís Javier Iglesias: Cabezas dos monicreques de Rosalía de Castro e atrezzo
Olga Vieites: Vestiario e corpos de Rosalía de Castro
Mirari Urruzola: Escenografía
José Luís do Pico Orjais: Espazo sonoro
Juan Luís Rúa: Fotografía
Xosé Bocixa Rei: Vídeo

FICHA TÉCNICA

Duración: 45 min. aprox.
Público: público familiar - recom+6 anos
Técnica: monicreques de mesa
Medidas do escenario:
- Ancho: 6m óptimo / 5m mínimo
- Alto: 3,5m óptimo / 3m mínimo
- Fondo: 3m / 3m mínimo
- Para as torres de iluminación 10x5m

Montaxe: 1.5h. espazo con dotación
Desmontaxe: 1h espazo con dotación
Montaxe: 3h. espazo sen dotación
Desmontaxe: 2h espazo sen dotación



• **ENLACE VÍDEO:**

https://youtu.be/vZpERVDs08E

• **DOSSIER FOTOGRÁFICO:**













DISTRIBUCIÓN:

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS
PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE

www.urdime.net | info@urdime.net
T .+34 981937424 | M. +34 679946957